

PUBLICIDADE



Faite socia

Documento Xerais 10N Política

# A Xunta Electoral ordena retirar campañas de propaganda do Goberno galego ata despois do 10N por electoralistas

David Lombao [@davidlombao](#)

sábado 26, outubro 2019



Campañas publicitarias do Goberno galego incluídas no expediente avaliado pola Xunta Electoral CC-BY-NC-SA Praza Pública



**A Xunta rotulará autobuses das principais cidades coa súa publicidade no ano electoral de 2020**

luns 23, setembro 2019

**A Xunta destina 70.000 euros a enquisas sobre a súa publicidade durante o ano electoral**

luns 28, decembro 2015

**Guerrilla antipropaganda na Xunta Electoral**

luns 15, abril 2019

Dende hai tempo a Xunta vén desenvolvendo diversas campañas nas que, baixo o lema xenérico *En marcha*, publicita obras e servizos en diferentes puntos de Galicia e en soportes que van dende os **valos publicitarios** ata, sobre todo, diversos medios de comunicación.

**Estas campañas combinan mensaxes para toda Galicia con outras más locais, referidas a investimentos nunha cidade en concreto como A Coruña, Vigo ou Lugo.**

Aínda que o pasado 24 de setembro **quedaron convocadas automaticamente as novas eleccións xerais do 10 de novembro**, o Goberno galego seguiu desenvolvendo estas campañas publicitarias en varios medios. Un colectivo denominado Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia, que adoita litigar contra a Xunta en múltiples ámbitos, denunciounas formalmente ante a **Xunta Electoral Provincial da Coruña**. Consideraba que transgriden **a prohibición legal** de que os gobernos desenvolvan actos ou campañas sobre os seus "logros" dende que as eleccións son convocadas ata que se celebran.

**As campañas do Goberno galego que a Xunta Electoral ordena retirar enxalzaban accións como a construcción dun colexio na Coruña ou subliñaban que "hoxe temos o dobre de prazas públicas que hai dez anos" en escolas infantís**

A denuncia estivo sobre a mesa da Xunta Electoral coruñesa na súa sesión do pasado 18 de outubro e nela o organismo resolveu que varias da campañas deben ser retiradas porque, efectivamente, incorren no electoralismo denunciado. Unha das refírese á campaña que, **en xornais impresos da Coruña e nalgúns das súas versións dixitais, a Xunta inseriu para promocionar a construcción do colexio Novo Mesoiro**. Outra, tamén baixo o lema *En marcha*, indicaba que "**hoxe temos o dobre de prazas públicas**" de escolas infantís "que hai dez anos".

**Junta Electoral Provincial**  
EDICIÓN AUTONÓMICA PROVINCIAL  
A CORUÑA

Plataforma de Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia, plantea la Xunta de Galicia, contra la cual se dirigen las denuncias, la falta de legitimación de la asociación reclamada. En su resolución de 17 de noviembre de 2019, la JEC en la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de 28 de la legislación activa para formular quejas o reclamaciones", siendo una "cuestión distinta la de la legitimación para interponer recursos, que exige por esencia la titularidad de un derecho o interés legítimo específicamente vinculado al acto o resolución que se recurre", por lo que, en definitiva, considera que corresponde a esta Junta Electoral Provincial, ante la que se presenta la reclamación, resolver en cada caso. De conformidad con este acuerdo de la Junta Electoral Central, dado que no hay ninguna disposición en la LOREG que niegue o limite la legitimación para formular quejas o reclamaciones por vulneración de la normativa electoral, a los electores y a las personas o entidades privadas que no participan o intervienen en el proceso electoral, y que en el art. 2º de la LOREG recuerda que los electores gozán de forma gratuita de la Junta Electoral de Zona correspondiente, con mayor motivo ha de admitirse dicha legitimación ante la Administración Electoral cuando se trata de presentar denuncias o reclamaciones por infracción de las normas electorales, cuyo cumplimiento y aplicación reviste interés general, procede desestimar la falta de legitimación alegada por la Xunta de Galicia.

II.- Los hechos denunciados, consistentes en la publicación en el diario La Opinión de A Coruña, de 2 de octubre de 2019, de un anuncio patrocinado por la Xunta de Galicia con el título "CONSTRÚANSE NOVAZAS NA RÍA DE A CORUÑA CON O FONDO NOVO MESSIO", y "ADEMAIS DAS NOVAS OBRAS, CO APOIO DO FONDO EUROPEO DE DESEMBOLSEMENTO REGIONAL, INVERTIRÍRONSE MAIS DE 17 MILLONES DE EUROS EN REHABILITACIONES EN CENTROS EDUCATIVOS", excede de una mera campaña de información o de promoción de los servicios públicos dirigida a los ciudadanos y constituye, por su tenor literal y el contexto en el que es realizada, la expresión publicitaria de actuaciones políticas de la Xunta de Galicia, con alusiones directas a la gestión económica ejecutada en materia inversión en centros educativos, ensalizando la misma y con ello los logros obtenidos con tales actuaciones. Por ello, con independencia de que se trate de una campaña de difusión de carácter periódico, contratada o iniciada antes de convocarse el proceso electoral, y de que la información versara sobre la ejecución de obras o servicios realizados con fondos estructurales europeos, la publicación infringe la prohibición, contenida en el art. 50.2 de la LOREG, según el cual "desde la convocatoria de las elecciones y hasta la celebración de las mismas queda prohibido cualquier acto organizado o financiado, directa o indirectamente, por los poderes públicos que contenga alusiones a las realizaciones o a los logros obtenidos, o que utilice imágenes o expresiones coincidentes o similares a las utilizadas en sus propias campañas por alguna de las entidades políticas concurrentes a las elecciones", así como el principio de neutralidad de los poderes

3

excede de una mera campaña de información o de promoción de los servicios públicos dirigida a los ciudadanos y constituye, por su tenor literal y el contexto en el que es realizada, la expresión publicitaria de actuaciones políticas de la Xunta de Galicia, con alusiones directas a la gestión económica ejecutada en materia inversión en centros educativos, ensalizando la misma y con ello los logros obtenidos con tales actuaciones. Por ello, con independencia de que se trate de una campaña de difusión de carácter periódico, contratada o iniciada antes de convocarse el proceso electoral, y de que la información venga impuesta por el hecho de referirse a obras o servicios financiados con fondos estructurales europeos, la publicación infringe la prohibición, contenida en el art. 50.2 de la LOREG, según el cual "desde la convocatoria de las elecciones y hasta la celebración de las mismas queda prohibido cualquier acto organizado o financiado, directa o indirectamente, por los poderes públicos que contenga alusiones a las realizaciones o a los logros obtenidos, o que utilice imágenes o expresiones coincidentes o similares a las utilizadas en sus propias campañas por alguna de las entidades políticas concurrentes a las elecciones", así como el principio de neutralidad de los poderes

públicos durante el período electoral que garantiza implicitamente esta norma, a fin de evitar su injerencia en el proceso electoral, mediante la organización de campañas electorales dirigidas a dar publicidad a las obras o logros realizados, de acuerdo con la interpretación realizada por la JEC en sus Instrucciones de 24 de marzo de 2011 y 4 de marzo de 2019, de manera que, durante el proceso electoral, se prohíbe que los poderes y representantes públicos, organicen o financien actos que contengan alusiones a dichas realizaciones, como ocurre en este caso. Por consiguiente, esta Junta acuerda ordenar la retirada de dicha publicidad institucional durante el presente período electoral.

Fragmentos da resolución na que a Xunta Electoral da Coruña ordena a retirada das campañas do Goberno galego CC-BY-NC-SA Praza Pública

## O Executivo defendeuse que se trata de campañas periódicas contratadas antes do proceso electoral; a Xunta Electoral ve claro que "infrinxen a prohibición" porque supoñen "a expresión publicitaria de actuaciones políticas da Xunta de Galicia

Segundo o reflectido no expediente, a cuxo contido tivo acceso Praza.gal, no trámite de alegacións a **Secretaría Xeral de Medios da Xunta** defendeuse alegando que ningunha destas era unha campaña sobre "logros" do Goberno galego. No primeiro caso sinalou que contratara a campaña "moito antes do proceso electoral" e no segundo, que se trata "dunha acción comunicativa ordinaria e periódica" de "obrigado cumprimento" por tratarse de accións financiadas con fondos FEDER da UE, que obriga a publicitalas. As eleccións do 10N, xustificaba, non tiveran "ningunha incidencia no seu encargo".

Pero a Xunta Electoral discorda. Nos anuncios sobre a construcción dun novo colexio, "con independencia" de que fose contratada antes do período electoral ou estea vinculada a fondos europeos, ve claro que "infrinxen a prohibición" da lei electoral porque, "polo seu teor literal e o contexto no que é realizada", supón "**a expresión publicitaria de actuaciones políticas da Xunta de Galicia**" con "alusións directas á xestión económica executada en materia de investimentos en centros educativos, enalzando a mesma".

PUBLICIDADE



**MBA  
FULL TIME**

**IESIDE**  
BUSINESS INSTITUTE

“ “ “

O MBA, cunha metodoloxía práctica, dá unha visión global da empresa para incorporarse ao mundo laboral

Andrés Cremades Jimeno  
PLANIFICACIÓN E PROXECTOS  
DO CAPITAL HUMANO DE ABANCA

[ieside.edu](http://ieside.edu)

## A resolución considera que a Xunta quebrantou "o principio de neutralidade" que a lei ordena aos poderes públicos en período electoral

A Xunta Electoral considera que o governo de Feijóo quebrantou "o principio de neutralidade dos poderes públicos durante o período electoral" e por iso ordena retirar esa campaña e mais a referida ás escolas infantís. Valora, tamén neste caso, que inserir en xornais impresos e dixitais anuncios con lemas como "En marcha. O dobre de prazas públicas de escola infantil que hai dez anos" tamén é unha campaña "dirixida a dar publicidade a obras ou logros" en período electoral. **Trátase de "publicidade institucional prohibida" ata despois dos comicios e por iso "procede acordar a retirada".**

## Campañas publicitarias que a Xunta si pode manter


O mesmo denunciante reclamou tamén á Xunta Electoral a retirada doutras campañas do Goberno galego, nas que inseriu lemas como *Transformar dixitalmente a túa empresa, si ou como Galicia é innovadora* en referencia a axudas da Axenda Industrial 4.0. Neste caso a autoridade electoral considera que a campaña **"parece responder" a "promover que os empresarios acometan determinadas actuacións innovadoras mediante a transformación dixital das súas empresas".**

**Ao contrario do reclamado polo denunciante, a Xunta Electoral permite manter unha campaña sobre transformacións dixitais das empresas, porque non cre que supoña "publicidade de logros obtidos" coa fin de "influír ou orientar o voto"**

**Que haxa un proceso electoral en marcha, subliña a resolución, non "constitúe un impedimento para que a Administración incentive ou fomente publicamente" iniciativas coma esta ou "informe de futuras subvencións" nun determinado eido. Só cumpriría retirar os anuncios se "de forma clara, manifesta e sistemática supoñan unha publicidade das realizacións ou os logros obtidos, coa fin de influír ou orientar o voto dos electores". E nestes casos, a Xunta Electoral non aprecia que suceda tal.**

**Tampouco atende a Xunta Electoral as reclamacións do mesmo denunciante a respecto dunha entrevista con Alberto Núñez Feijóo** no xornal *Expansión* no marco "dun especial dedicado a Galicia" o pasado 9 de outubro. Todas as resolucións foron xa trasladadas á Xunta, aos "responsables dos medios de comunicación" que publicaron as campañas e ao propio denunciante, especifica o documento.

PUBLICIDADE



**David Lombao**

Xornalista galego feito en Lugo. Traballei e aprendín na Cadena SER, Radio Voz e Xornal de Galicia. Director de Praza.gal.



[Ver comentarios](#)

PUBLICIDADE



[www.igadi.gal](http://www.igadi.gal)



## Grazas ás socias e socios editamos un xornal plural

As socias e socios de Praza.gal son esenciais para editarmos cada día un xornal plural. Dende moi pouco a túa achega económica pode axudarnos a sostener e ampliar a nosa redacción e, así, a contarmos máis, mellor e sen cancelas.

## Quero ser de Praza

### OUTRAS NOVAS RELACIONADAS



Precampaña local Política

#### **A Xunta Electoral abre expediente sancionador a Feijóo por pedir o voto para un alcalde antes da campaña**

xoves 2, maio 2019



Eleccións xerais 28A Política

#### **A Xunta Electoral prohíbe unha homenaxe aos Mártires de Carral o vindeiro sábado**

martes 23, abril 2019



Precampaña local Política

#### **A Xunta Electoral obriga a adiar a cea á que o alcalde de Sobrado convidaba a toda a veciñanza en período electoral**

sábado 13, abril 2019

### PUBLICIDADE



[www.igadi.gal](http://www.igadi.gal)





## MÁIS SOBRE POLÍTICA



Xerais 10N Política / A Coruña

### Errejón 'debuta' en Galicia coa promesa de "votar por un governo progresista"

sábado 26, outubro 2019

No seu primeiro mitin en Galicia como líder do partido 'Más País', Errejón cargou contra a "irresponsabilidade dos dirixentes que nos levaron a segundas eleccións". Bescansa apela á necesidade de formar un governo progresista para abordar problemas como o da térmica das Pontes



Documento Xerais 10N Política

## A Xunta Electoral ordena retirar anuncios do Goberno galego ata despois do 10N por electoralistas

sábado 26, outubro 2019

As campañas da Xunta que a autoridade electoral ordena retirar enxalzaban accións como a construcción dun colexio na Coruña ou que "hoxe temos o dobre de prazas públicas que hai dez anos" en escolas infantís. A resolución indica que se trataban da "expresión publicitaria de actuacións políticas da Xunta de Galicia" que vulnera o "principio de neutralidade dos poderes públicos" cara ás eleccións

### Síguenos



### Sobre Praza

### Axuda

### Todas as áreas

### Lugares